

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. ¿Cal das seguintes afirmacións, con relación ao dereito á protección da saúde contida no artigo 43 da Constitución Española, é verdadeira?

- A) Require o seu desenvolvemento mediante lei orgánica.
- B) É un dereito fundamental.
- C) Compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública a través das medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios.
- D) A súa protección recoñécese no artigo 53.2 da Constitución Española.

2. Segundo o Estatuto Marco, a duración máxima conxunta dos tempos de traballo correspondentes á xornada complementaria e a xornada ordinaria, será de:

- A) 50 horas semanais de traballo efectivo de media en cómputo semestral.
- B) 48 horas semanais de traballo efectivo de media en cómputo semestral.
- C) 37,5 horas semanais de traballo efectivo de media en cómputo semestral.
- D) 35 horas semanais de traballo efectivo de promedio en cómputo semestral.

3. Segundo o establecido no Decreto 206/2005, de 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, no procedemento de concurso–oposición, os empates resolveranse a prol de:

- A) O/a que obtivese maior puntuación na fase de concurso.
- B) O/a que obtivese maior puntuación na fase de oposición.
- C) O/a que obtivese maior puntuación en formación.
- D) Non hai criterios de desempate nese procedemento.

4. Atendendo á Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, os datos de carácter persoal cancelaranse:

- A) Cando deixasen de ser exactos.
- B) Cando deixasen de ser exactos e completos.
- C) Cando deixasen de ser necesarios ou pertinentes, exactos e completos.
- D) Cando deixasen de ser necesarios ou pertinentes para a fin para a que fosen solicitados ou rexistrados.

5. Atendendo ao disposto na Lei 3/2001, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, o persoal facultativo poderá levar a cabo as intervencións clínicas indispensables a prol da saúde do/da paciente, sen necesidade de contar co seu consentimento, nalgún dos seguintes casos:

- A) Cando exista risco para a saúde pública.
- B) Cando o dispoña a dirección médica do centro.
- C) Cando exista risco inmediato e grave para a integridade física e psíquica do/da paciente.
- D) As respostas a) e c) son correctas.

6. Tendo en conta o establecido na Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, sinala cal das seguintes afirmacións é falsa:

- A) O/a empresario/a deberá garantir que cada traballador/a reciba unha formación teórica e práctica, suficiente e axeitada en materia preventiva.
- B) A formación en prevención de riscos laborais deberá estar centrada especificamente no posto de traballo ou función de cada traballador/a
- C) A formación en materia de prevención de riscos laborais nunca se poderá impartir dentro da xornada de traballo.
- D) A formación en materia de prevención de riscos laborais poderase impartir pola propia empresa mediante medios propios ou concertándoa con servizos alleos.

7. Atendendo ao establecido na Lei de Saúde de Galicia e, sen prexuízo do disposto na Lei de Cohesión e Calidade do Sistema Nacional de Saúde, sinala cal sería unha das funcións que comprende a atención especializada:

- A) Rehabilitación básica.
- B) Rehabilitación en pacientes con déficit funcional recuperábel.
- C) Atención ordinaria e continua das urxencias.
- D) Indicación ou prescrición e realización, no seu caso, de procedementos diagnósticos e terapéuticos.

8. Segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia, o Parlamento de Galicia:

- A) Exerce a potestade regulamentaria da Comunidade Autónoma.
- B) Exerce unicamente a potestade lexislativa.
- C) Exerce a potestade lexislativa da Comunidade Autónoma e controla a acción executiva da Xunta.
- D) Exerce a potestade lexislativa da Comunidade Autónoma e controla a acción xudicial.

9. Atendendo ao disposto no Estatuto Marco, as sancións impostas por faltas moi graves, prescribirán:

- A) Non prescriben nunca.
- B) Aos catro anos.
- C) Aos dous anos.
- D) Aos seis meses.

10. Atendendo ao disposto na Lei 14/1986, de 25 de abril, Xeral de Sanidade, os/as usuarios/as do sistema sanitario público, terán dereito a:

- A) A información sobre os servizos sanitarios aos que poden acceder e sobre os requisitos necesarios para seu uso.
- B) Que se lle asigne un/a médico/a, cuxo nome daráselle a coñecer, que será interlocutor principal co equipo asistencial.
- C) Obter os medicamentos e produtos sanitarios que se consideren necesarios para promover, conservar ou restablecer a súa saúde, nos termos que regulamentariamente se establezan pola Administración do Estado.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

1. Segundo a Constitución Española, "calquera cidadan poderá solicitar a tutela dos dereitos e liberdades recoñecidos no artigo 14 e no título I, capítulo 2º, sección 1ª":

- A) ante os tribunais ordinarios.
- B) por un procedemento baseado nos principios de preferencia e sumariedade.
- C) a través do recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

2. Atendendo ao disposto no Decreto 206/2005, de 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, os postos de supervisor/a de área e coordinadores/as de atención primaria, proveranse a través de:

- A) Sistema de avaliación colexiada, se requiren dedicación exclusiva.
- B) Sistema de libre designación.
- C) Concurso de méritos.
- D) Concurso–oposición.